

# Galicia Encantada



ANIVERSARIO  
2005 \* 2025  
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

## Xogos

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *Chirlosmirlos*

Título: Chirlosmirlos. Enciclopedia dos xogos populares.

Editorial: Edicións Xerais de Galicia

Ano de publicación: 2001.

Lugar de publicación: Vigo

ISBN: 84-8302-551-5

Autor: [Antón CORTIZAS AMADO](#)

Ilustracións: Chuchi SOUTO.

Descrición: 452 páx; Il. en branco e negro.

Chirlosmirlos. Enciclopedia dos xogos populares, resultado dun labor de investigación e de organización realizado ao longo de varios anos, reúne máis de catrocentos xogos, coas súas variantes e con propostas de adaptación ou anovación nalgúns dos casos.

Xogos de correr ou de agochar; xogos de grupos e de equipos; xogos de roda; xogos con pelota; xogos das lombas; xogos das bólas ou con peón; xogos das tabas, coios e dados; xogos de lanzar ou de espetar; xogos da

billarda; xogos da chapa; xogos da goma, da corda ou con aros; xogos para xogar no colo cos máis cativos; e un bo repertorio de cancións para choutar á corda.

